

## SoildiverAgro project

Adopción de novas técnicas de xestión para aumentar a produción e a calidade dos cultivos



### O QUE E O PORQUÉ

## As achegas extra de fósforo non contribúen ao aumento dos rendementos en parcelas acedas e con altos niveis de fósforo

O fósforo, xunto co nitróxeno e o potasio, é un dos macronutrintes esenciais para as plantas. Con todo, o fósforo é un elemento que se inmoviliza facilmente e a cantidade dispoñible pode ser moi baixa en comparación coa cantidade total de fósforo presente no solo, sendo a galinaza unha das fontes orgánicas con maior contido en fósforo. Na comarca da Limia, este abono foi a principal emenda orgánica utilizada como fertilizante nos cultivos de pataca. Para coñecer a presenza deste elemento nos solos da Limia, levouse a cabo a análise do solo de parcelas pertencentes a agricultores desta comarca e realizouse un ensaio de fertilización para avaliar os rendementos en función da dose de fósforo aplicada. A análise de fósforo no solo segundo o método de Olsen de 1293 parcelas en 2015 e 1213 parcelas en 2016 mostrou que nos dous anos estudados, máis do 90% das parcelas analizadas tiñan un nivel de fósforo superior a 25 mg/kg de solo e considerábanse ricas

en fósforo. Ademais, para os dous anos estudados, máis do 25% do total de solos analizados presentaban unha cantidade de fósforo superior a 200 mg/kg de solo. No ano 2021, realizouse unha proba nun campo con solo acedo (pH 5,6) e alta fertilidade en fósforo (135 mg/kg segundo o método Olsen).

Unha parcela sen aplicación de fósforo mostrou unha produción de 55t/ha fronte a 52t/ha na parcela con fertilización convencional e 47t/ha na parcela onde se aplicou o 50% da cantidade convencional. Por tanto, na comarca da Limia é posible reducir as cantidades de fósforo aplicadas aos cultivos de pataca. Neste sentido, promover a adopción de estratexias que mobilicen o fósforo do solo pode ser unha das medidas máis sostibles para mellorar os beneficios dos agricultores e a saúde do medio ambiente.



1. Correcto desenvolvemento dun cultivo de patacas de variedade Kennebec.



2. Produción obtida na variedade Kennebec.

### PALABRAS CHAVE

Fósforo, fertilización, pataca, produción, pH

### AUTORES

**Laura Meno Fariñas**, Universidade de Vigo (UVigo), Vigo, España.

**Paula Pérez**, Universidade de Vigo (UVigo), Vigo, España.

**Servando Álvarez Pousa**, INORDE, Ourense, España.

**David Fernández Calviño**, Universidade de Vigo (UVigo), Vigo, España.



This project has received funding from the European Union's Horizon 2020 research and innovation programme under grant agreement No 817819

This factsheet is produced as part of the SoildiverAgro project. Although the author has worked on the best information available, neither the author nor the EU shall in any event be liable for any loss, damage or injury incurred directly or indirectly in relation to the project.